

KILÓMETROS DE SOLIDARIEDADE



Save the Children
100 ANOS

Guía didáctica. XVI edición da carreira escolar Quilómetros de Solidariedade.



DOSSIER ROHINGYA

Esta guía didáctica componse dun dossier e dunha serie de propostas de actividades para as distintas etapas educativas. Pretende ser unha ferramenta útil para o profesor, que axude a complementar o seu labor de sensibilización achegándolle datos, información e coñecemento de outras realidades para apoiar a educación en valores como a solidariedade, o respecto, a cooperación e a responsabilidade.

Dirección:
Marisol Paniagua

Colaboración:
Marisa Ortega del Val

Arte e maqueta:
Germán Gullón (VALBHY)





LIMIAR

Durante o curso 2019-2020 celebramos a XVI edición da carreira escolar **“Kilómetros de Solidariedade”**, correndo polos dereitos dos nenos e nenas rohingya. Un grupo étnico descoñecido pola maioría de nós que vive unha situación de total vulnerabilidade nun campo de refuxiados de Bangladesh, após fuxir masivamente de Myanmar, a súa patria.

Nesta publicación poderedes coñecer algo máis da súa historia e, sobre todo, da súa vida e das dificultades que confrontan diariamente, especialmente os menores, os máis vulnerábeis.

Tamén vos recomendamos visitar a nosa web, onde poderedes atopar recursos audiovisuais (vídeos, fotos) e, particularmente, testemuñas que vos permitirán coñecer e poñerlle cara á traxedia e ensinalles aos vosos alumnos e alumnas quen son os nenos aos que van axudar.

Felices Kilómetros de Solidariedade



savethechildren.es/rohingya
savethechildren.es/recursos-didacticos-para-trabajar-en-el-aula



ROHINGYA: UN NOME DIFÍCIL DE PRONUNCIAR, UNHA HISTORIA DIFÍCIL DE CONTAR

QUEN SON?

O rohingya é un pobo de case un millón de persoas que moraba no norte do estado de Rakhine, en Myanmar. Falan a lingua rohingya, un dialecto bengalí, e son de relixión musulmá nun estado budista. Myanmar négalles a cidadanía por consideralos inmigrantes bengalís e non birmanos malia levaren séculos vivindo no seu territorio. Son unha das minorías étnica e relixiosa máis perseguidas do planeta.

Após anos de persecución e guerra entre o goberno militar birmano e a milicia rohingya, un ataque dos milicianos aos militares en agosto de 2017 resultou nunha represalia extremadamente violenta do exército contra todo o pobo que provocou a fuxida masiva da poboación á veciña Bangladesh. Escapaban coa roupa posta, percorrendo longas distancias a pé, por terreos arrasados, xunglas e montañas. O último atranco era o río Naf e chegar á zona de Cox's Bazar, en Bangladesh. Os que non sabían nadar morrían.

O relato dos que chegaban ao campo de refuxiados de Cox's Bazar é terríbel. Episodios de extrema violencia, con casos de asasinatos, incendios de casas e abusos sexuais contra persoas adultas, mozos e nenos.

Hanida vivía coa súa familia nunha das aldeas atacadas en Myanmar. Non pasou moito tempo desde que comezaron a sentir a ameaza sobre a súa comunidade ata que se desencadeou a violencia: incendiaron e saquearon as casas, derribaron os valados e dispararon indiscriminadamente mentres trataban de acurralar a xente.

“Nunca marcharía do meu país por propia vontade. Alí tiñao todo, a miña casa, a miña granxa, as miñas vacas, todo. Pero tiven que marchar. Levaron os maridos e os homes. Algunhas veces os homes regresaban, non sempre. Tiñamos medo e tivemos que marchar. Se non for por isto, eu seguiría no meu país”



Os rohingya non quereren retornar a Myanmar ata os seus dereitos e as condicións seren seguras. Entrementres, os nenos e nenas necesitan ter acceso á ensinanza nos campamentos, unha alimentación saudábel e atención sanitaria.

Sen o estado de refuxiado legal non poden traballar en Bangladesh, os máis pequenos non poden ir á escola formal e son susceptíbeis de sufriren abusos e violencia. Son familias sen futuro e dependen das organizacións humanitarias para sobrevivir.


O CAMPO DE REFUXIADOS MÁIS GRANDE DO MUNDO

Cox's Bazar, en Bangladesh, é un campo de refuxiados no que o 55% son menores.

A dependencia da axuda humanitaria é total e os problemas e necesidades multiplícanse. A situación de superpoboación e insalubridade facilita a propagación de doenzas e as baixas temperaturas son perniciosas para a saúde dos máis novos. Comida, auga potábel, refuxio ou acceso á atención sanitaria son esenciais para todas as persoas do campo.

Moitos nenos chegaron sós, traumatizados e famentos após ver morrer os seus familiares. A súa vida no campo de refuxiados é sempre moi difícil.

Un millón
de persoas **vive no**
campo de Cox's Bazar



“Pasei moito medo cando lle prenderon lume á nosa vila. Quería fuxir a un lugar seguro. Ao principio tentamos cruzar o río, pero non tiñamos cartos, así que non puido ser. Despois pedímoslle axuda a outra persoa que viña nun bote de Bangladesh e deixounos pasar sen pagarlle nada. Agora paso moito medo e choro cando vexo xente co uniforme do exército”.

Razia

VIVIR NUN CAMPO DE REFUXIADOS NON É SINXELO



SAÚDE E NUTRICIÓN

Os nenos e nenas son máis vulnerábeis, viven con maior precariedade, confrontan situacións de fame, doenzas da pel, problemas respiratorios, diarreas por consumir auga en mal estado e estrés derivado das súas vivencias.



PROTECCIÓN

Moitos nenos e nenas realizan tarefas domésticas como recoller leña ou auga en condicións moi malas, con choiva e percorrendo grandes distancias. Os menores, en especial as nenas, teñen medo de seren asaltados e sufrir algún tipo de violencia. As zonas de baño do campamento non teñen privacidade e as nenas teñen medo de ir soas.



EDUCACIÓN

As condicións do campo e a falta de espazos axeitados vai en detrimento da educación de todos os nenos e nenas, non hai zonas de xogo que lles permitan superar os traumas vividos e a superpoboación é un factor que tampouco xoga a prol da a educación.

Os menores non acompañados, os bebés que nacen no campo e os menores de 5 anos son os grupos máis vulnerábeis.

“Non me gusta que os homes me vexan ir ós baños e tampouco hai espazos privados para as nenas e mulleres bañármonos”.

Rehana



AS NECESIDADES MÁIS URGENTES

- **O 100% da poboación** necesita asistencia alimentaria.
- **453.000 cativos e cativas** non teñen acceso a ningún tipo de educación.
- **36.000 familias** necesitan un sitio seguro onde refuxiarse.
- **62.811 menores de cinco anos** necesitan tratamento para a súa desnutrición.
- **120.000 mulleres embarazadas e lactantes** necesitan complementos nutricionais con urxencia.
- **36.373 menores que están sós** necesitan protección.

QUE ESTÁ FACENDO SAVE THE CHILDREN?

Bangladesh ten unha poboación de 160 millóns de persoas e é un dos países máis pobres de Asia. Non ten a capacidade nin os recursos para responsabilizarse dos refuxiados rohingya.

Desde Save the Children:

- Ofrecemos refuxio **de emerxencia, comida e utensilios de cociña básicos** desde que chegan ao campo de refuxiados; de feito, ata o de agora xa levamos atendido a máis de 30.000 familias.
- A nosa unidade sanitaria para emerxencias dispón dun equipo médico, enfermeiros e forenses expertos, ofrece asistencia sanitaria, nutricional e de hixiene e traballa para evitar o esporeamento das doenzas. Diriximos **nove centros de saúde** de atención primaria en Cox's Bazar. **Tamén estamos a traballar en novas áreas para nais e bebés** onde se realizan os tratamentos e o seguimento para os casos de desnutrición grave.
- Máis de 30.000 familias recibiron **artigos de hixiene** co fin de evitar o esporeamento de doenzas e trabállase na instalación de máis de 500 latrinas.
- Artellamos sistemas de protección para os nenos e nenas que chegan sós ou que perderon as súas familias. Dispoñemos de **86 espazos seguros** para a infancia onde os menores van xogar. Temos en funcionamento **110 centros de ensinanza temporal** nos que se reparte material escolar e se dan aulas a máis de 10.000 nenos e nenas.

Save the Children está presente en Bangladesh desde 1970 e levamos traballando na crise rohingya desde 2012 en Cox's Bazar.

PROPOSTAS DE AULA

A ensinanza axúdanos a coñecer, comprender e sentir as realidades alleas, e pensar sobre aspectos vitais para o desenvolvemento axeitado do mundo. Todos e todas temos dereito a sermos tratados con respecto, libres de discriminación, coacción ou manipulación. Desde Save the Children queremos fomentar a colaboración entre iguais, para aproximar a dignidade ás nenas e nenos do mundo.

O material didáctico proposto ofrece outro xeito de ollar as circunstancias de diferentes persoas no mundo, convidando a saír do narcisismo, o egocentrismo e favorecendo a participación a prol da xustiza, a igualdade de dereitos e a dignidade.

Os obxectivos

- Presentarlle a etnia rohingya á comunidade educativa, un pobo que escapou do seu país de orixe por medo á violencia.
- Espertar actitudes, emocións e sentimentos necesarios para axudar a mellorar a vida en xeral e a dos nenos e nenas desprotexidos en particular.
- Facilitar a participación a prol da vida con dignidade de nenas e nenos rohingya.

Os contidos

Etnia, rohingya, tacto, amabilidade, apoio, coidado, identidade, protección, seguridade, refuxiados, soños, fronteiras, conflito, sentimentos, igualdade, seguridade, axuda, violencia, experiencias, valores e actitudes positivas e negativas para a vida.

As competencias

- Escoita, asimilación e análise
- Interese, empatía e comprensión
- Reflexión, diálogo e colaboración
- Creatividade e expresión
- Traballo en grupo, negociación e cooperación
- Experiencia, responsabilidade e resolución

No deseño das actividades téñense en conta tres **procesos** metodolóxicos que se axustan á **aprendizaxe** curricular dos diferentes niveis educativos:

- **COÑECER:** proceso de escoitar, descubrir e comprender a información.
- **REFLEXIONAR:** proceso de análise para extraer conclusións individuais e de grupo.
- **PARTICIPAR:** proceso de acción e creación responsábel a prol da comunidade, cuxo obxectivo é a xustiza e a igualdade de oportunidades.



“SR. TACTO”

Idade: 3-6 anos

35-45 min

PROPOMOS

Usar o tacto para demostrar amabilidade e afecto, buscamos obxectos por medio do tacto para os nenos e nenas correlacionaren a sensibilidade táctil e as necesidades alleas.

PRECISAS

5 ou 6 caixas de cartón pechadas cunha abertura circular a cada lado (unha abertura por participante) para introducir as mans e recoñecer os obxectos do seu interior. Obxectos axeitados ás diferentes idades (nesta actividade todas as caixas deben ter dentro cordóns, esponxas, plumas, pallas, algodón, gasas, pinturas de cera e outras cousas semellantes...).

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Investigamos por medio do tacto (10-15 min)

Distribúense pola aula as caixas de cartón pechadas con diferentes obxectos no seu interior (cousas suaves, de distintas formas, cousas duras, longas, brandas, curtas, rugosas...). Nenas e nenos introducen a man e investigan os obxectos por medio do tacto.

Rolda de diálogo sobre Sr. Tacto (10 -15 min)

Reunímonos e a mestra explica que o Sr. Tacto serve para descubrir, recoñecer e tocar... Sr. Tacto é como os ollos da pel. Ser amábel é unha das mellores cousas do Sr. Tacto, pola contra, danar e empurrar é das peores cousas de Sr. Tacto. Ter con nós a un bo Sr. Tacto é fundamental para sentirmos, sermos felices, querer e expresar.



Buscamos obxectos co tacto para nenos e nenas rohingya que necesitan a nosa axuda (15 min)

A profesora pídelle ao grupo que busquen obxectos para nenos e nenas rohingya que tiveron que marchar das súas casas e que agora viven nun campo de refuxiados:

- Nur tivo que camiñar durante moitas horas para chegar ao campo de refuxiados, dóenlle os pés, déronlle unhas deportivas, pero necesita **cordóns**.
- Sentia ten 10 anos, está triste e ten medo porque tivo que escapar da casa, gústalle moito pintar, fanlle falta **cousas para pintar** e pasalo ben.
- Un bebé de 6 meses naceu no campo de refuxiados, necesita **cousas suaves** para ficar entretido e tranquilo.
- As arroiadas cobren de barro o campo de refuxiados, ás veces Laila imaxina que ten unha variña máxica e que converte o barro e as casas en edificacións mellores para vivir, buscamos **variñas máxicas** para facermos realidade os sonhos de Laila.
- Mar ten o ouvido danado por culpa dun golpe forte e agora ten que curalo; para evitar que lle entre sucidade ten que tapalo ben con **algodón e vendas**.

SUXERENCIAS

Como tarefa previa, informamos da actividade “Sr. Tacto” e pedimos axuda ás familias para traeren de casa cinco obxectos pequenos que sexan interesantes ao tacto, sen que os vexan os nenos e nenas.

Dicímoslles ás familias que as mostras de cariño, afecto e o coidado por parte doutras persoas melloran a autoestima dos nenos e nenas e que tamén son un estímulo para medrar emocionalmente; que o noso amor axuda a manexar os medos naturais que aparecen nas distintas idades, fomentando un grao de sensibilidade saudábel.

A profesora pode crear máis situacións de refuxiados rohingya para que os máis pequenos sigan descubrindo obxectos.

O tempo utilizado nas distintas fases da actividade é indicativo, pode ampliarse ou acurtarse segundo o criterio docente e a idade dos participantes.

AO REMATAR

Pechamos a actividade informando de que participamos na carreira solidaria para os nenos e nenas rohingya teren a posibilidade de viviren en boas condicións e sen violencia.





«A HISTORIA DE GLOBO»

Idade: 6-9 anos

50 min

PROPOMOS

Que as nenas e os nenos reflexionen sobre a historia de Globo, sobre a necesidade de ter un criterio de coidado e unha actitude de rexeitamento perante a violencia, as inxustizas e as violacións de dereitos.

NECESITAS

Historia de Globo, lapiseiros, bolígrafos e un papel por participante coa pregunta “Que cres que aprendeu Globo?”, pinturas de cores, cola, rotuladores e papel continuo para mural.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Contar a historia de Globo (10 min)

A mestra le a historia de Globo: “A Globo encántalle cambiar de forma, depende de con quen estea é dunha forma ou outra, se estiver cun cadrado convértese nun cadrado, se estiver cun teléfono convértese en teléfono, se estiver cun limón muda a súa forma a limón, se estiver cunha navalla adáptase á navalla, se estiver con pistola faise pistola, se estiver cun tanque faise tanque...”

Os seus amigos tiñan medo, non o recoñecían... ‘quen es ti?’, preguntábanlle. Non nos gusta que te convertas en pistolas, navallas, tanques... Non nos gusta a violencia, non nos gusta o odio, as violacións... Os seus amigos pensaron en contactar con Save the Children e convidar a Globo a coñecer os nenos e nenas rohingya, nenos e nenas musulmáns que sobreviviron a violencia extrema, a discriminación, o acoso, que tiveron que escapar do seu país de orixe e camiñar moitos quilómetros ata chegar a un campo de refuxiados do país veciño. Viven con medo, na pobreza e preocupados pola súa vida futura. Cando Globo retornou díxolles que aprendera algo moi importante”.

Descubrimos o que Globo aprendeu (10 min)

A profesora ou profesor dálle un papel a cada participante coa pregunta “Que cres que aprendeu Globo?”, dálles uns minutos para responder, recolle as respostas e méteas nunha bolsa; as respostas son anónimas.

Posta en común de respostas (30 min)

O docente convida a cada participante do grupo a recoller un papel da bolsa ao chou, a lelo e pegalo nun mural. Após ler todas as respostas a profesora escribe visiblemente no mural “*Todos somos únicos e temos dereito a sermos tratados con respecto e a tratarmos con respecto. Libres de discriminación. Isto aprendeu Globo*”:

Deseguido pega a historia de Globo no mural e convida os participantes a decoraren o mural con pinturas.

SUXERENCIAS

A profesora ou profesor pode ler de novo a historia se for necesario.

Segundo a idade dos participantes, pódese abrir un debate para reflexionar sobre o aprendido e/ou realizar grupos de traballo para partillar opinións. Pódese adaptar a actividade a idades superiores.

Convidámosvos a realizar unha foto final co mural e enviarlla a Save the Children.

AO REMATAR

Explicamos que a carreira solidaria busca apoio para os nenos e nenas rohingya teren oportunidades de viviren en dignidade e sen violencia.





«GRAN CARTEL PARA PEPITA»

Idade: 9-12 anos

55 min

PROPOMOS

Que os participantes axuden a Señora Pepita a coñecer a etnia rohingya, a saber da súa situación e a comprender por que a súa axuda é necesaria.

PRECISAS

Información sobre os rohingya (dossier de carreira solidaria, vídeos, artigos web de Save the Children...), cartolinas, rotuladores, cola, pinturas, directrices para os grupos.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Poñer en situación (5 min)

A profesora conta: *“Pepita San Juan é unha señora de 65 anos que vive en Palencia e que contactou con Save the Children porque quere contribuír a un mundo mellor. Save the Children díxolle que podía apoiar a carreira solidaria, colaborando así a prol dunha vida digna para os nenos e nenas rohingya. Pepita ten que coñecelos, reflexionar sobre a súa situación e sentir que o seu apoio é importante”.*

Pautas de colaboración (15 min)

A profesora informa que Save the Children pide a nosa colaboración para explicarlle a Pepita que a súa axuda é necesaria e dinos que sigamos unhas pautas claras:

1. Realizar grupos de 3 ou 5 participantes, coller cada grupo unha cartolina, rotuladores e pinturas.
2. Nunha zona visíbel da cartolina escribir “Nenas e nenos rohingya”, é un nome moi difícil de recordar, por iso cómpre destacalo ben.
3. Dividir o resto da cartolina en tres espazos e en cada espazo poñer unha das seguintes preguntas:
 - Quen son as nenas e os nenos rohingya?
 - Cales son os seus problemas?
 - Por que é necesaria a túa axuda?
4. Pedirlle á profesora un enderezo onde acceder a información sobre os rohingya e dar respostas claras e sinxelas ás preguntas presentadas para que Pepita poida comprendelo.

Formamos un gran cartel (15 min)

Poñemos en común os murais realizados por cada grupo e dámoslle forma a un gran cartel común para enviarlle a fotografía ou vídeo a Save the Children e que as distintas persoas entendan que cooperar é moi importante.

SUXERENCIAS

É importante ver vídeos de Save the Children e extraer información sobre a realidade dos nenos e nenas refuxiados rohingya.

Pódese adaptar a actividade a idades superiores.

AO REMATAR

Sinalamos que as accións son o resultado dunha comunidade que só medrará se cooperamos entre todos. Por iso é tan importante participar en accións como a carreira solidaria, porque formamos comunidade para os nenos e nenas teren oportunidades de vivir dignamente.





“UNHA MISIÓN POR DIANTE”

Idade: 12-15 anos

50 min

PROPOMOS

Que os participantes imaxinen estar en dous espazos interestelares polarizados, espazo de arriba e espazo de abaixo, divididos entre valores positivos e valores negativos para a vida. As persoas de ambos espazos mestúranse en grupos de traballo para axudar a que as nenas e nenos rohingya teñan unha vida digna. Que acontecerá?

PRECISAS

Un papel por alumno e alumna para dividir a clase entre dous espazos, o de arriba e o de abaixo, bolígrafos, rotuladores, cartolinas e papel.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE


Dividimos a clase en dous espazos interestelares (10 min)

A profesora pide que imaxinemos que estamos en dous espazos interestelares diferenciados, desde eles contemplamos a terra e planificamos: “O espazo de arriba”, composto por persoas con ilusións, confianza, soños e bos pensamentos. “O espazo de abaixo”, cheo de persoas mentireiras, egoístas, hipócritas, falsas e violentas.

Repártese un papel por participante para dividir a clase entre o espazo de arriba e o de abaixo, temos uns minutos para meternos no papel que nos tocou.

Creamos grupos de traballo para mesturar espazos (5 min)

En cinco minutos, os participantes teñen que formar grupos de traballo de cinco participantes onde convivan habitantes do espazo de arriba e de abaixo.



Cumprimos a misión por grupos (15 min)

Cada grupo de traballo ten unha misión que cumprir: “*Construír túneles cheos de actitudes, valores e cousas importantes para unha vida digna da etnia rohingya*”. Repártense cartolinas e rotuladores para os grupos desenvolveren túneles construídos con pedras que cumpran a misión. Para eles é moi importante que todos, os de arriba e os de abaixo, concorden en que eses valores e actitudes son os importantes.

Posta en común da experiencia dos grupos (20 min)



Cada grupo explica o que aconteceu; cumpriuse a misión?, que dificultades confrontamos?, a que conclusións chegamos?

SUXERENCIAS

Antes de realizar a actividade, é importante coñecer a información de Save the Children (artigos e vídeos) sobre os refuxiados rohingya.

PREGUNTA AO REMATAR

Que extraes da actividade realizada?





40 min.

«DESTECEMOS A VIOLENCIA»

PROPOMOS

Que destezas tres teas de araña que simbolizan a violencia exercida contra os rohingya. Técese teas de araña enviando un nobelo de la dunhas persoas a outras, fíase de novo o nobelo de la, que simboliza a eliminación da violencia, e ao mesmo tempo que se enreda e se desenreda o nobelo cada participante envía palabras que fan e desfán a violencia.

PRECISAS

Tres nobelos de la (cuns catro metros por participante).

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

A clase divídese en tres grupos (5 min)

A mestra ou mestre divide a clase en tres grupos que se sitúan en círculo e dálles un nobelo de la a cada un.

Tecer a tea de araña da violencia (15 min)

Os participantes de cada grupo fican quedos no sitio, comezan a tecer as teas de araña da violencia, o primeiro envíalle o nobelo de la a outro, pero queda co comezo da la; igualmente, este colle a la e envíalle o nobelo a outro e así sucesivamente ata todos os participantes teren suxeitos anacos de la. Ao mesmo tempo que cada un envía o nobelo para tecer a tea de araña di en voz alta unha palabra que simboliza a violencia (guerra, discriminación, insulto, mal trato...).



Destecemos a violencia (20 min)

A última persoa que ten un nobelo de la após tecer a tea de araña recolle o nobelo e vai camiñando, refacendo a madeixa, e simultaneamente di a palabra contraria á que lle enviaron (ex. guerra-paz), cando chega o nobelo a outra compañeira, esta fai o relevo recollendo o nobelo e continúa camiñando e repetindo outra palabra contraria á enviada, así fanse relevos sucesivos ata pasar por todos os participantes e destecer a tea de araña da violencia ao tempo que se fai outro nobelo.

SUXERENCIAS

Pódese probar a realizar a actividade dividindo a clase en dous grupos.

Pódese probar a repetir a actividade calculando tempos para tratar de realizala no menor tempo posible.

AO FINALIZAR

A profesora ou profesor explica a importancia de participar na Carreira Solidaria para un futuro sen violencia e con dignidade dos nenos e nenas rohingya.



PREGUNTAS FRECUENTES SOBRE A CARREIRA SOLIDARIA



Quen son os patrocinadores?, temos que buscar empresas?

Os patrocinadores son normalmente os familiares dos alumnos e alumnas (pai, nai, avós...) e o seu patrocinio pode ser pequeno. Cantos máis patrocinadores maior sensibilización e mellor aprendizaxe.

A carreira ten que ser un día concreto?

Non, podedes realizar a carreira o día que mellor conveña ao centro. Pode converterse nun día festivo e divertido á vez que solidario.

Podemos solicitar máis material se temos máis participantes?

Si, podedes pedir máis material a través do correo electrónico carrera@savethechildren.org ou por teléfono. En poucos días recibirédolo no centro.

Cando recolla os cartos dos alumnos, como llo entrego a Save the Children?

Unha vez recollido o diñeiro dos patrocinadores, o centro ingresa o diñeiro na seguinte conta:

BANCO SANTANDER
ES55 0049 1837 5620 1024 9000

Pódese facer por transferencia ou ingreso en efectivo.

Ao realizar o ingreso en efectivo poden poñernos problemas?

Depende da oficina da entidade bancaria. Antes de ir recomendámosvos que visitades na nosa web un espazo no que podedes atopar algúns consellos e documentos que vos poden axudar para evitar dificultades por parte do banco no momento de efectuar o ingreso.



[savethechildren.es/actualidad/
ya-tengo-mi-recaudacion-ahora-que](http://savethechildren.es/actualidad/ya-tengo-mi-recaudacion-ahora-que)

Podemos ingresar o diñeiro recadado noutra entidade bancaria?

Temos contas noutras entidades bancarias. Neste caso, por favor poñédevos en contacto co Departamento de Programas en Centros Escolares. Facilitarémvos outras posibles contas bancarias de ingreso e indicarémvos os pasos que hai que seguir.

É importante indicar o nome do centro que realiza o ingreso?

Si, é moi importante o nome e a localidade. Desta maneira poderemos enviar o diploma de agradecemento ao centro, de modo que poida facelo extensivo a toda a comunidade educativa.

Se temos algunha dúbida, onde e con quen podemos resolvela?

Podedes contactar co Departamento de Programas en Centros Escolares a través de:

Tel.: 91 513 05 00



carrera@savethechildren.org

sol.paniagua@savethechildren.org (Marisol Paniagua coordinadora de programas)

nieves.garcia@savethechildren.org (Nieves García, técnico de avaliación)

Kilómetros de Solidariedade é unha proposta educativa que lles achega aos escolares a situación de vulnerabilidade dos cativos e cativas en países empobrecidos do continente africano co obxectivo de acadar fondos para os proxectos de supervivencia infantil que Save the Children realiza e coñecer os dereitos da infancia a través das propostas didácticas presentadas nesta guía.

Colaboran:

**TOURLINE[®]
EXPRESS**
Como si lo llevaras tú mismo



**SOBREVIVIR
APRENDER
ESTAR PROTEXIDO**



Save the Children